

Inicio de procedemento expropiatorio para a ocupación de terreos afectados pola execución do proxecto de obra denominado “Melloras da rede de saneamento no núcleo da Igrexa” Muras (Lugo)

Por acordo do Pleno ordinario do concello de Muras celebrado o día 30 de xuño de 2020, adoptouse entre outros o seguinte acordo, que se transcribe, en extracto:

“Á vista dos seguintes antecedentes obrantes no expediente 58/2020 referente a “Expropiación forzosa por trámite de urxencia para colocación dun depósito de auga potable no Viveiró”

Realizada a tramitación legalmente establecida e visto o Informe de Secretaría de data 18.06.2020, propónse ao Pleno a adopción do seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a relación, obrante no expediente, dos bens cuxa ocupación ou disposición considérase necesaria aos efectos de expropiación forzosa, polo procedemento de urxencia regulado no artigo 52 da Lei de 16 de decembro de 1954 sobre Expropiación Forzosa.

REF. CATRASTRAL	TITULAR	POBOACIÓN	SUP. EXPROP	VALOR TOTAL SEGUNDO CADRO RESUMO DE VALORACIÓN CONTIDO NO PROXECTO EXPROPIATORIO
1163601PJ1116S0001AI	JOSE M. BELLO GOMEZ (HERDEIROS DE)	VIVEIRÓ-MURAS	1.681M2	3.530,10€
27033A020001900000FX	JOSE M. BELLO GOMEZ (HERDEIROS DE)	VIVEIRÓ-MURAS	97M2	203,70€
1163602PJ1116S0001BI	NARCISO BELLO GOMEZ (HERDEIROS DE)	VIVEIRÓ-MURAS	76M2	159,60€

SEGUNDO. Facer pública a relación de bens ou dereitos xunto cos nomes dos propietarios ou dos seus representantes e abrir trámite de información pública, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia, no xornal El Progreso de Lugo, na sede electrónica deste Concello (www.muras.ga), e no taboleiro de anuncios do mesmo, con notificación individual aos interesados, a fin de que os titulares de dereitos afectados pola expropiación poidan presentar cantos datos puidesen permitir a rectificación de erros padecidos na referida relación, ou oporse motivadamente á ocupación daqueles.

TERCEIRO. No caso de que non se producisen alegacións, considerárase aprobada definitivamente aquela relación e iniciado o expediente expropiatorio; e de producirse, emítase informe técnico sobre as mesmas.

CUARTO. Remitir o expediente de referencia ao Consello de Goberno da Comunidade Autónoma para que declare urxente a ocupación dos bens afectados pola expropiación.”



En cumprimento do artigo 52 da Lei de 16 de decembro de 1954, sobre Expropiación Forzosa, faise pública dita relación a fin de que, dentro do prazo do quince días seguintes ao de inserción do presente anuncio no Boletín oficial da Provincia de Lugo, quen se estimen interesados no procedemento poidan presentar cantos datos puidesen permitir a rectificación de erros padecidos na relación que se fai pública e presentar, no seu caso, alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición daqueles, atendendo ao indicado no literal do acordo adoptado. O que se publica para xeral coñecemento e conforme ao contido do propio acordo.

